

BASES DO CONCURSO PARA O CARTEL DO XXXII CONGRESO ENCIGA 2019

A Asociación de Ensinantes de Ciencias de Galicia ENCIGA vai realizar o seu congreso no IES María Sarmiento de Viveiro os días 14, 15 e 16 de novembro de 2019; co fin de elixir o cartel anunciador do “XXXII Congreso ENCIGA”, o IES convoca un concurso de deseño gráfico de acordo coas seguintes BASES:

1- Poderá concorrer todo o alumnado do IES María Sarmiento, con traballos de formato e técnica libre, que deberán ser presentados en soporte papel ou en formato dixital (JPEG ou PNG) cunha resolución mínima de 1890 X 2645 px.

2- Os deseños deberán reflectir contidos relacionados coas ciencias en xeral.

3- Os carteis presentados quedarán en poder do IES María Sarmiento e da Asociación ENCIGA. O deseño gañador será empregado como cartel anunciador do “XXXII Congreso ENCIGA” e os restantes carteis presentados serán expostos no noso centro. Unha vez rematada a exposición, abrirase un prazo de 15 días para os recolleren os seus autores/as; pasado ese prazo, serán propiedade do IES María Sarmiento, que decidirá o seu destino. O cartel gañador será propiedade da Asociación ENCIGA, que poderá cedelo a terceiros. Os/ autores/as renuncian a todos os dereitos de explotación, só conservarán os dereitos de autor/a para incluílo no seu currículo.

4- Os traballos deberán ser presentados na conserxería do IES María Sarmiento antes do día **26 de abril de 2019**, xunto co cartel entregarase un sobre pechado que levará escrito no seu interior os datos do/a alumno/a, tales como nome e apelidos, curso e grupo, tamén se pode presentar en formato dixital na dirección de correo electrónico: tecnoviveiro@gmail.com, achegando os datos persoais. A organización resérvase o dereito de exclusión das obras nos seguintes casos:

- Cando se incumpran un ou varios puntos destas bases:

5- Os carteis obrigatoriamente terán que levar os seguintes compoñentes:

- XXXII CONGRESO ENCIGA
- A páxina web: www.enciga.org
- A data de celebración: 14, 15 e 16 de novembro 2019
- O nome do noso centro: IES MARÍA SARMIENTO (VIVEIRO).

6- As obras presentadas poderán ser exhibidas na páxina web do noso IES e na da Asociación ENCIGA.

7- O xurado estará formado por profesores do IES que escollerán os 3 mellores carteis, entre os cales será elixido o gañador por votación popular en cada unha das titorías. Unha vez feito o recuento de votos, farase pública a selección a través da páxina web do IES MARÍA SARMIENTO (<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmariasarmiento/>)

8.-Os carteis premiados quedarán en propiedade e uso exclusivo do IES María Sarmiento e da Asociación ENCIGA. As e os autores cederanlles a estas institucións os dereitos totais de exhibición e reprodución das obras premiadas.

10.-As e os gañadores dan o seu consentimento para que o seu nome apareza nos materiais informativos e promocionais, xa sexan impresos ou dixitais do IES María Sarmiento e da Asociación ENCIGA. Co fin de poder levar a cabo cantas accións promocionais e de difusión do

concurso que considere necesarias a organización, todas as persoas participantes lle cederán ao IES María Sarmiento e a Asociación ENCIGA, con carácter gratuíto, os dereitos de reprodución e comunicación pública das obras presentadas ao concurso. A cesión dos ditos dereitos permitiránlles transformar as obras tecnicamente na medida que sexa necesaria para adecualas ao formato, imaxe ou aparencia de Internet ou calquera outra tecnoloxía susceptible de adscrición a Internet, así como a reproducilas nos soportes físicos que se estimen convenientes.

11- Os/as participantes someteranse á decisión do xurado, que resolverá sobre calquera dúbida non prevista nas presentes bases. No caso de facerse unha entrega pública o/a gañador/a do certame comprométese a recoller persoalmente o premio ou facerse representar debidamente no acto.

12- O simple feito da presentación ao concurso supón a plena aceptación destas bases.

13- Establécese un premio para o traballo gañador valorado en 90€, un segundo premio de 60€ e un terceiro premio de 30€.

A Dirección do IES María Sarmiento.